La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. ***Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes****."*

Non sendo nomeados suplentes en ningún dos acordos ata agora adoptados, unha vez finalizados parte dos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro en cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, producida a xubilación dunha funcionaria membro da citada mesa de contratación permanente e non existindo ningún/ha outro/a funcionario/a de carreira pertencente aos servizos xerais, tendo en conta a Relación de Postos de Traballo vixente no Concello de Dodro (BOP núm. 246 do 29/12/2022), ao abeiro das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO Ó PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS en canto órgano competente de acordo co artigo 326.4 da LCSP citado:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeiro.- Modificar a composición da mesa de contratación permanente do Pleno do Concello de Dodro de xeito que quede integrada polos/as seguintes membros:

PRESIDENTE/A:
Titular: Alcalde/sa do Concello de Dodro
Suplente: Quen legalmente o/a substitúa

VOGAIS:
Titular: Secretario/a-interventor/a do Concello de Dodro
Suplente: Quen legalmente o/a substitúa

Titular: Funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.
Suplente: Funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Titular: Funcionario/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación. (1)
Suplente: Funcionario/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación.

SECRETARIO/A DA MESA:
Titular: Técnica de xestión económica e informática, funcionaria de carreira do Concello de Dodro
Suplente: Funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción do/a secretario/a da Mesa que só terá voz.

No caso de que a un/unha mesmo/a membro lle corresponda suplir máis dunha ausencia, resolverase cubrindo en primeiro termo a secretaría da mesa e en segundo termo a vogalía.

(1)
SERVIZOS XERAIS:
Titular: Encargada da biblioteca funcionaria
Suplente: Funcionario/a interina que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

SERVIZOS SOCIAIS:
Titular: Traballadora social funcionaria.
Suplente: Educadora familiar persoal laboral fixo.

OBRAS E SERVIZOS:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Titular: Oficial electricista, persoal laboral fixo.
Suplente: Oficial condutor, persoal laboral fixo.

CULTURA:
Titular: Encargada da biblioteca funcionaria
Suplente: Animadora cultural, persoal laboral fixo

DEPORTES:
Titular: Técnico deportivo, persoal laboral fixo
Suplente: Animadora cultural, persoal laboral fixo

Segundo.- Publicar a modificación da composición da mesa de contratación permanente do órgano de contratación Pleno do Concello de Dodro no perfil do contratante e no Boletín Oficial correspondente.

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

Procede á lectura da proposta o voceiro do PSdeG-PSOE.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois nós non imos a apoiar esta proposta, tampouco se conta cos membros da oposición e tendo en conta que vostedes soamente teñen tres concelleiros dun total de once, pois consideramos que estas cuestións, deben ser tratadas coa oposición."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A nós chámanos moito a atención, que os membros da mesa, salvo o que é o Secretario e o que é o funcionario que fai de Secretario, que si que é un funcionario, chámanos a atención que os vocais sean, salvo o Secretario, persoal funcionario interino, aí mesmo di, funcionario ou persoal interino. No, directamente interinos. Chámanos moito a atención, porque tíñamos entendido que o personal deste Concello, requiría funcionarios para determinadas cousas, entón pois para unha Mesa de contratación, automaticamente retiren a funcionarios para meter a interinos, chama bastante a atención e non por moi boa práctica. Non a imos a apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non hai funcionarios no Concello de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Hai algúns, algún si que hai."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si que hai, pero na Mesa Xeral se*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

substitúe á funcionaria xubilada, a que está con nome e apelidos, Dona Flora María Zúñiga Losada, pola funcionaria que ocupa o seu posto. Esto evidentemente."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Aquí di un funcionario interino."*

Intervén quen subscribe para indicar a existencia dun erro de xeito que o correcto á referencia a funcionarios/as ou funcionarios/as interinos/as e que poden modificar a proposta ou tamén retirala da orde do día.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Na páxina, unha, dúas, tres, catro, catro da proposta, no punto primeiro, composición da Mesa de contratación onde pon presidente titular: alcalde ou alcaldesa do Concello, dos vogais, onde pon titular debería poñer: funcionario guión ou funcionaria, funcionario-/funcionaria interina, que ocupe o posto administrativo. Eso débese incluír tamén no titular, débese incluír no suplente e ao mesmo tempo débese incluír no segundo titular tamén, en todos os titulares deben incluír diante a a palabra funcionario, porque esperamos, de feito no segundo titular xa o pon, funcionario/a ou personal laboral da área que se tramite a contratación."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Aí si, pero nos outros non. O que queren é poñer persoal interino."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*" Non, non queremos poñer persoal interino, estoulle dicindo que non queremos persoal interino, queremos poñer persoal funcionario, queremos que conste en Acta claramente que non queremos poñer funcionario interino, queremos poñer o funcionario, ou funcionario interino que ocupe o posto ata que sea funcionario, non queremos poñer o funcionario, e queremos que o concello de Dodro, teña funcionarios, por eso digo, eso é o que se pretende con esta proposta. De feito, a ver, nos servizos xerais, debería ser igual, onde pon suplente, debería poñer: funcionario, ou funcionario/a interino que ocupe o posto de administrativo nos servizos xerais. Nos Servizos Sociais, aquí xa, a traballadora social funcionaria, tamén podería añadir o: ou funcionario interino*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Entonces está mal feito esto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, non sei si dará tempo a, retiramos, ou vótase así e non pasa nada, en principio, que podemos facer?, retiralo da Orde do día?"*

Indica quen subscribe que pode levarse novamente a Pleno a proposta xa que se trata da mesa de contratación correspondente aos expedientes de contratación do Pleno.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Vale, pois podo retiralo da Orde do día e xa está, emendamos os errores e retiramos o punto sete, non era baixo ningún concepto, a nosa intención."*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Queda retirado o punto da Orde do día.

8. CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2024/X999/000064
ASUNTO: CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO
TRÁMITE: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS
AVV

Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciables que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Como consecuencia do exposto con anterioridade.

Esta Concellaría **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Dodro a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero.
Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra á Violencia de Xénero:
Presidencia:
- O Alcalde-presidente do Concello de Dodro ou concelleiro/a en quen delegue (a ser posible a titular da concellería de igualdade).
Vogalías:
Concelleiros/as das distintas áreas de goberno.
Representantes das organizacións políticas con representación en Dodro.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Persoal técnico dos diferentes departamentos municipais.
Representante da garda civil.
Representante de protección civil.
Representante do GES.
Representante do ámbito xudicial.
Representante dos diferentes centros educativos.
Representante dos servizos sanitarios.
Representante de organismos ou entidades de carácter asistencial (Amipa, Andaina prosaúde mental...)
Representante de asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello.
Representante de empresas e persoas autónomas cuxa actividade teña a sede social e a súa actividade no Concello.
Representante da Secretaría Xeral de Igualdade.
Representante da Subdelegación do Goberno/VIOXEN.
Secretaría: T
-Persoa técnica da concellería de Igualdade (a educadora familiar) ou persoal técnico do departamento de Servizos Sociais.

Segundo.- A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra á Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Terceiro.- Facultar ao alcalde do concello para cantas actuacións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado.

Cuarto.- Darlle traslado ao Departamento de Servizos Sociais para o seu cumprimento.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe

En Dodro, documento asinado electronicamente
A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais
María Teresa Batalla Romero"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Este grupo municipal socialista, vai a votar a favor da proposta da constitución da Mesa local de Coordinación Interinstitucional fronte á violencia de xénero, segundo a proposta que se indica."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A proposta coñécena. Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, alégranos que constitúan a Mesa local de Coordinación e fáltanos que fagan a avaliación do anterior Plan de Igualdade, entendo que si hoxe aprobaron o quinto Plan de Igualdade, antes, avaliaron o cuarto Plan, saben que eso é perceptivo, e por suposto vamos a apoiar esta constitución desta Mesa local."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Rebeca Rial Diz, voceira de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nós tamén vamos a apoiar, consideramos que teñamos representación de todos os grupos políticos do Concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, xa a idea é esa, trasladala a todos os grupos políticos. Vamos a pasar entonces á votación da proposta."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 9
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

9. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: 2023/V014/000001
ASUNTO: PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA

O transporte público é fundamental para a unión e cohesión do territorio, especialmente nos casos como o deste concello, nos que a poboación e os núcleos están diseminados e a oferta de servizos se atopa igualmente distribuída en distintos lugares, por veces afastados. A existencia de servizos de liña regular, como autobuses, tenta compensar a dispersión e achegar as persoas aos servizos, mais non é suficiente, non só pola rixidez dos horarios, senón tamén pola escaseza de oferta. Por iso, establécese outro tipo de transporte público e discrecional de persoas viaxeiras, o que se realiza por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi que se leva a conta por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa, e que se regula na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Seguindo as disposicións desta lei, o concello tramitou, no seu momento, ante Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, a solicitude para o outorgamento de dúas licenzas de taxi, que resultou en informe favorable de 11/02/2015 da Dirección Xeral de Mobilidade, co visto e prace de Subdirección Xeral e o Servizo de Autorizacións e Informes, o cal determinou a existencia dun continxente de dúas licenzas para o Concello de Dodro.

A Disposición transitoria sexta da Lei 4/2013, do 30 de maio, establece que *"os concellos non poderán outorgar novas licenzas de taxi cando teñan superado o número máximo de licenzas de taxi que resulte do continxentamento establecido no artigo 6 desta lei. Se, como consecuencia do continxentamento de licenzas de taxi establecido no artigo 6 desta lei, un Concello dispuxera da posibilidade de incrementar o número de licenzas de taxi que actualmente ten concedidas ata alcanzar o número máximo que resulte do continxentamento, nos concursos que se convoquen para outorgar as ditas novas licenzas de taxi non poderá ofertarse máis dun dez por cento do número total de licenzas de taxi existentes no Concello. Entre a resolución dun concurso e a convocatoria do seguinte, terá que transcorrer polo menos un ano."*

Por acordo do Pleno do Concello de Dodro do 17/11/2017 adxudicouse unha única licenza de taxi e, polo tanto, aínda existe unha licencia sen outorgar dentro do continxentamento do Concello de Dodro.

Elaborada a memoria que esixe o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, aprobado por

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Decreto 103/2018, de 13 de setembro, co contido indicado no artigo 8.2 do dito decreto, a mesma foi remitida á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia para os efectos da emisión do informe preceptivo e vinculante sobre o outorgamento das autorizacións interurbanas de taxi correspondentes.

Con data 11 de marzo de 2024 foi emitido informe favorable en relación ao outorgamento de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Redactado o prego de cláusulas que rexerá a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro, considerando que o artigo 16.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, dispón que o outorgamento de licenzas de taxi realizarase mediante concurso e, que o artigo 10 do Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo (aplicable ante a falta de Ordenanza municipal) indica que no caso de que a adxudicación de licenzas se realice mediante concurso, o procedemento someterase ás normas de contratación local.

Emitido informe de secretaría-intervención e logo de ver a documentación que consta no expediente, **PROPOÑO** ao PLENO da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas que rexerá a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro así como o expediente.

SEGUNDO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

TERCEIRO.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, proceder á exposición pública da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello así como no Boletín Oficial da provincia, a fin de que as persoas interesadas e as asociacións profesionais correspondentes poidas presentar as alegacións que estimen procedentes no prazo de 15 días de conformidade co artigo 10 do Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo e posteriormente continuar a tramitación do expediente.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Portavoz do Partido Socialista de Galicia, explique a proposta."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Por acordo do Pleno do Concello de Dodro do 17 de novembro do 2017, adxudicouse*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

unha única licenza de taxi, e polo tanto , aínda existe unha licenza sen outorgar. Logo de recibir o perceptivo informe favorable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e redactado o prego de cláusulas que rexerá a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro, no que dispón que o outorgamento se realizará mediante concurso o procedemento someteras ás normas de contratación local. Este Grupo Municipal Socialista votará a favor da proposta da alcaldía de a aprobación do prego de cláusulas que rexerá a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro, así como o expediente respectivo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno de intervención a todos os portavoces. Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós estamos a favor de que se saque esta contratación, practicamente os criterios de adxudicación son practicamente os mesmos de cando se licitou a anterior praza. Vamos a apoiala."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz da agrupación Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non temos nada que dicir, é practicamente a mesma que a que se licitou anteriormente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, vamos a proceder á votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026 DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2021/A013/000001
ASUNTO: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021
TRÁMITE: PROPOSTA AO PLENO

Considerando que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece a necesidade de que cada administración elabore un Plan Estratéxico de Subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. O seu período de vixencia será de tres anos, e debe confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións.

Visto o documento proposto pola Alcaldía, para o período 2024-2026, de data 03 de xullo de 2024 e emitido informe por Secretaría-intervención.

Considerado que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica.

Polo exposto, no uso das facultades que outorgadas pola normativa vixente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Dodro para o período 2024-2026, que se achega como Anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar o documento íntegro no Boletín Oficial da Provincia de

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro e na sede electrónica municipal.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

"ANEXO

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026 DO CONCELLO DE DODRO

PREÁMBULO.-

A lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), na liña de mellora da súa eficacia, dispón con carácter básico no seu artigo 8.1 que *"os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."*

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, no seu artigo 10, sen carácter básico, sinala que, o plan estratéxico de subvencións configurase como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñen por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que *"os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ..."*

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financieira e o crecemento económico.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) é o primeiro que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da Corporación para os exercicios 2024, 2025 e 2026. A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e a súa financiación, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión e podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicios seguintes. O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Ademais, a Ordenanza municipal que regula as subvencións do Concello de Dodro (BOP núm. 143 de 30/07/2018) prevé no seu artigo 5 o deber de contar cun plan estratéxico de subvencións como o presente.

Polo disposto, o Concello de Dodro elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2024-2026) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.-

Os Plans Estratéxicos de Subvencións teñen carácter programático, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros, senón que se trata dunha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

A efectividade do presente PES atópase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.-

A regulación xurídica en materia de subvencións establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

a) Principio de publicidade e libre concorrencia, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.

b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.

e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidad Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O plan estratéxico de subvención do Concello de Dodro conta con diferentes obxectivos:

– Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
– Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
– Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO TEMPORAL.-

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2021, 2022 e 2023 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 5. ACTUALIZACIÓN.-

Poderán ser modificadas, substituídas ou eliminadas, as liñas de subvención establecidas no presente PES, que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou adecuado ao nivel de recursos invertidos, tal e como se dispón na disposición adicional decimo sétima da LXS ao establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos. En todo caso, os cambios que poidan producirse deberán axustarse á lei e, fundamentalmente aos orzamentos de cada exercicio.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan se cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que, concluído o período de vixencia, non se tivese aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e conten con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN.-

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Non obstante, o órgano competente para a aprobación das subvencións será o Alcalde, ou órgano no que delegue.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.-

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Dodro publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e na sede electrónica municipal, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada. O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS.-

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.

2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.

Ambos procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo ata o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinaladas neste Plan. Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da naturaleza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

b.1.- As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b.2.- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

b.3.- Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN.-

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo excepcional e debidamente motivados aqueles supostos nos que se fixe un

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberá aparecer recollido nas correspondentes bases das subvencións. O órgano de seguimento e control velará polo cumprimento do "calendario" da concesión de subvención, o cal deberase aprobar no primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 11. FINANCIAMENTO.-

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente.

2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.

3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.-

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

a) Control económico- financeiro das subvencións concedidas: está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

b) Control e seguimento do Plan: encoméndase á Xunta de Goberno Local, para o que, cada unha das Áreas que xestionan as subvencións, remitirá no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e en todo caso, antes de que acabe o exercicio orzamentario memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas e reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución, concretando o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- Os custos efectivos en relación aos previsibles.
- Conclusións ou valoración global na que conste a valoración en canto aos obxectivos perseguidos e a procedencia do mantemento ou supresión do programa.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións desígnase á

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xunta de Goberno Local.

A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a evaluar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social	**Área 1**
Educación	**Área 2**
Xuventude e relacións veciñais	**Área 3**
Promoción e fomento de deporte	**Área 4**
Promoción cultural	**Área 5**
Promoción turística e económica	**Área 6**

13.1. Área 1. Acción social.

Enmárcase nas seguintes liñas:

- Emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade
- Axudas de fomento da natalidade.
- Colaboración mediante subvención nominativa coas Asociacións ANDAINA e AMIPA que desenvolven actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro no ámbito da promoción social das persoas con diversidade funcional.

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.1**
Axudas Emerxencia Social		
a. Obxectivo	Axudas de emerxencia social das que se benefician	

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estratéxico	familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.
b. Obxectivo específico	Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico. Manter a familia como unidade básica de convivencia Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida Facer fronte a situacións de desprotección Evitar situacións de marxinación Axudar a conseguir a súa autonomía económica Conseguir a súa integración social
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	4.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Concesión directa
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.

Acción Social	**Área 1**	**Código 1.2**
Axudas natalidade		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste nunha axuda directa por neno/a nacido/a no municipio Diríxese a familias empadroadas no municipio.	
b. Obxectivo específico	Axudar ás familias que teñen crianzas no seu primeiro ano de vida.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Acción Social	Área 1	Código 1.3
AMIPA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR		
a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas contan con algún tipo de diversidade funcional e necesitan dun apoio para a súa integración social. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.	
b. Obxectivo específico	Promoción social das persoas con diversidade funcional.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	500,00€	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Acción Social	Área 1	Código 1.4
ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL		
a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas contan con algún tipo de diversidade funcional e necesitan dun apoio para a súa integración social. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.	
b. Obxectivo específico	Promoción social das persoas con diversidade funcional.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	500,00€	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Acción Social	Área 1	Código 1.5
CÁRITAS		
a. Obxectivo estratéxico	As persoas beneficiarias últimas destes programas son persoas en risco de exclusión social e ou especial	

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

	vulnerabilidade que necesitan dun apoio nos recursos para cobertura de necesidades básicas. As beneficiarias directas da subvención son as entidades sen ánimo de lucro coas que se establece un convenio de colaboración.
b. Obxectivo específico	Apoio a persoas en situación de risco de exclusión social e ou especial vulnerabilidade
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.000,00€
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

13.2. Área 2. Educación

Nesta área establécense dúas liñas:

- Colaboración mediante subvención nominativa ao Colexio Rural Agrupado de Dodro, único no termo municipal.
- Axudas á escolaridade, para que as familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas podan sufragar os gastos escolares como o material ou as actividades extraescolares.

Educación	**Área 2**	**Código 2.1**
COLEXIO RURAL AGRUPADO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar a realización de actividades educativas no segundo ciclo da educación infantil	
b. Obxectivo especifico	Promocionar a realización de actividades educativas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Educación	**Área 2**	**Código 2.2**
AXUDAS Á ESCOLARIDADE		

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a. Obxectivo estratéxico	Garantir a igualdade de oportunidades ante o ensino
b. Obxectivo especifico	Apoiar na adquisición de material escolar, gastos de actividades extraescolares e vestiario deportivo, entre outros que se establezan nas bases reguladoras
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	4.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

13.3. Área 3. Xuventude e relacións veciñais

Recóllese unha liña en réxime de concorrencia competitiva para fomento de actividades participativas, de iniciativa veciñal organizada.

Promoción cultural	**Área 3**	**Código 3.1**
XUVENTUDE E RELACIÓNS VECIÑAIS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa veciñal organizada, mediante comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro, para que desenvolvan eventos de natureza participativa do concello, concretamente, as súas festas patronais ou populares tradicionais.	
b. Obxectivo especifico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza participativa entre a veciñanza e para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	5.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

13.4. Área 4. Promoción e fomento de deporte.

Contémplanse as liñas seguintes:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A colaboración mediante subvención nominativa co Club Deportivo Dodro, único club de fútbol no temo municipal e cos/as deportistas deste Concello que a seguir se indican:

Deportes	Área 4	Código 4.1
CLUB DEPORTIVO DODRO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte federado	
b. Obxectivo especifico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Deportes	Área 4	Código 4.2
NOA RUZO BOGA		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte federado	
b. Obxectivo especifico	Apoiar aos atletas do Concello de Dodro	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	300,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

Deportes	Área 4	Código 4.3
SHEILA AGRASAR RODRÍGUEZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte federado	
b. Obxectivo especifico	Apoiar aos atletas do Concello de Dodro	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	300,00 €	
e. Fonte de	Recursos propios.	

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

financiamento	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

13.5. Área 5. Promoción cultural.

Recóllese unha liña de colaboración mediante subvención nominativa coa Fundación Rosalía de Castro que realiza actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro no ámbito da promoción cultural do patrimonio rosaliano.

Promoción cultural	**Área 5**	**Código 5.1**
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto da Casa-Museo de Rosalía e conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispoñéndoo para que poida ser contemplado e estudado.	
b. Obxectivo específico	Visibilizar o patrimonio do noso concello (brañas de Laíño, a Veiga de Lestrobe, as Torres de Hermida)	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.300,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

13.5. Área 6. Promoción turística e económica.

Establécense dúas liñas de colaboración mediante subvencións nominativas:

- Colaboración coa Asociación “Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e Sar, a Orixe” que realiza actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro posto que o seu percorrido atravesa este concello.
- Colaboración co Club Ciclista Padronés que desenvolve actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro mediante a promoción da Comarca Terras de Iria da que forma parte este concello.

Promoción turística e económica	**Área 6**	**Código 6.1**
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR “A		

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORIXE”	
a. Obxectivo estratéxico	Recuperación da memoria histórica do Camiño de Santiago que na Idade Media e Moderna discorreu polo Concello de Dodro. Fomentar a pluridade de valores que concorren no entorno xacobeo, nas súas lendas, cultos e testemuñas, tanto antrópicos coma patrimoniais e paisaxísticos, que percorren o noso municipio.
b. Obxectivo especifico	Promover o interese comunitario deste percorrido polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración

Promoción turística e económica	**Área 6**	**Código 6.2**
CLUBE CICLISTA PADRONÉS		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción da comarca TERRAS DE IRIA , da que forma parte o Concello de Dodro.	
b. Obxectivo especifico	Promover o interese comunitario polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.200,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa	
g. Plan de actuación	Convenio de colaboración	

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Partido Socialista de Galicia.”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“Considerando que a Lai Xeral de Subvencións establece a necesidade de que cada administración elabore un Plan Estratéxico de Subvencións, concretando os obxectivos pretendidos, o prazo para a súa consecución, os custos previsibles e as fontes de financiamento, así como suxeitándose ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Sendo o período de vixencia de tres anos que se debe confeccionar, previamente a calquera proposta de*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

outorgamento de subvencións.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE apoiará a aprobación do plan estratéxico de subvencións do concello de Dodro para o período 2024-2026."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como dicía antes, nunha corporación de once, son tres os que determinan cales son as subvencións que se van a dar, nós non estamos de acordo con este Plan, en todo caso, contarán cos concelleiros que asinen coas súas propostas como propias, nós dende logo, non imos a apoiar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós, visto o Plan, vemos que algunha das subvencións que meten aquí, levan vixentes máis de doce anos e seguen co mismo importe que tiñan fai doce anos, por exemplo: as axudas de emerxencia social, fai doce anos eran catro mil euros e doce anos despois, seguen sendo catro mil euros, non debe subir a vida para eles. As axudas para Andaina eran quinientos euros, igual. As axudas a escolaridade, máis de o mesmo, tamén é verdade que para pagalas nove meses despois e a moitas menos familias, pois tanto da que tanto ten. Consideramos que deben subirse eses importes de case todas as axudas, sobre todo as que levan moitos anos, porque a vida sube para todo o mundo. Ademais, irán para festas cinco mil euros, que non dicimos que sexan necesarios, bueno, son para a área de xuventude e relacións veciñais, si as festas son necesarias, pero hai outras cousas que igual son necesarias.*

De todas maneiras, teñen aquí dúas axudas nominativas, a dúas rapazas de Dodro e gustaríanos saber que baremo utilizaron para darlle a uns rapaces si e a outros non, e non me digan que non o viñeron a solicitar, porque hai algún pai e algunha nai dalgúns rapaces que viñeron ao Concello para pedir algunha axuda para o seu fillo que está federado, incluso un deles que é de alto rendemento e se lles respondeu que non había cartos, tamén é certo que era o anterior concelleiro de deportes de aquí, de Unidade Veciñal, e naquel momento contestoulle que non había cartos para todos, pero agora que vostedes traen aquí estas axudas e que solo primen a dúas rapazas, cando temos máis rapazas en Dodro con esas circunstancias, pois bueno, nos gustaría saber que baremo utilizan e que para decirlles que non a uns e que si a outros."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Primeiro, na páxina..., perdón, contesto ao final a todos. Portavoz de Unidade veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, o de sempre, outro punto fundamental que é a liña de subvencións do Concello que traen ao Pleno sen consultar e sen ter maioría para aprobalo. A Área catro*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de promoción do deporte e colaboración con deportistas e mediante unha subvención nominativa, ao noso parecer, debería ser unha subvención de concorrencia competitiva, onde os deportistas puideran optar as axudas de xeito máis igualitario. Non sabemos o criterio que se erixe para subvencionar a uns deportistas e a outros non, si sabemos que é, hai un deportista de alto nivel, o único que hai en Dodro, de alto nivel, recoñecido polo Consejo Superior de Deportes, o piragüista Samuel Ares Nieto, quedou fóra despois de solicitar a súa inclusión.

Na área seis de promoción turística e económica establécense dúas liñas de colaboración mediante subvención nominativa, colaboración coa Asociación de amigos do Camiño de Santiago do Barbanza- Sar, A Orixe, que realiza actividades de interese para os veciños do municipio de Dodro, parece ser, porque o seu percorrido atravesa este Concello e a colaboración co Clube ciclista padronés, que desenvolve actividades de interese para os veciños do Municipio de Dodro, mediante a promoción da comarca Terras de Iria. Pois ben, non sabemos que actividades realiza a Asociación Amigos do Camiño de Santiago O Barbanza Sar a Orixe en Dodro, non o sabemos, e en que se beneficia o noso Concello desas actividades que realiza en Dodro, de promoción turística e económica, a non ser polo marcado coas frechas amarelas do percorrido no chan, non sequera, o sea, somos o único concello que non ten nin sinalización vertical posta. Tamén é o caso do Clube ciclista padronés que non sabemos con que colabora, igual que o de antes, non vemos que fixeran unha proba ciclista en Dodro, colaborar con algunha actividade do Concello, a non ser que se considere colaboración o paso dos ciclistas das diferentes probas polas estradas do Concello.

Tampouco sabemos con que criterios se dota a unha asociación con mil euros e a outra con mil douscentos, non sabemos e tamén botamos en falta a inclusión no Plan Estratéxico de grupos folclóricos, que osa hai, e de grupos de música so noso concello, que ben podían dotar a esta subvención si se fixera adecuada a difusión do mesmo. Tampouco vimos que houbera difusión deste Plan para que as agrupacións se puideran acoller. Por todo o anterior, imos a votar en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este Plan, como ben di no seu punto cuarto, o seu contido non crea dereitos nin obrigacións, primeiro punto. É un Plan estratéxico que di as direccións que pretende, este concello levar, ou esta goberno, efectivamente, que pretende levar a diante do ano 24 ao a no 27 e que unha das propostas que temos encima da mesa, é a de crear un Plan de libre concorrencia para precisamente que os deportistas individuais do concello de Dodro, teñan acceso a este tipo de axudas, evidentemente non se están hipotecando as mismas axudas cos mismos deportistas, ano tras ano, o que pasa é que en algún momento estes recursos eran os que había para estas dúas rapazas e era un pouco, o que se lle, a cantidade partida.*

Segundo, sobre a, eso sobre os deportistas da área catro, o curioso é que nadie di nada digamos, da área catro tamén , o que se da ao Clube deportivo de Dodro, ao que se lle asigna tres mil euros, cando en anteriores épocas non se lle asignaba nada,

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Asignase tamén na área un, efectivamente, unha subvención a Cáritas, que tampouco se lle asignaba antes, que tampouco ninguén dos que están aquí, dixeron , evidentemente.

Tamén se lle aumenta a dotación á Fundación, tamén quero deixalo claro na Acta, que se aumenta a dotación á Fundación Rosalía de Castro en algo, bueno non considerable, pero máis de un 20% se lle aumenta a asignación.

Efectivamente, a Asociación Amigos do Camiño do Barbanza Sar, a Orixe, realiza colaboracións co concello de Dodro, no CPI, realiza cursos, charlas, fai guiados para o Concello, cando facía o Camiño da Orixe, colabora co concello de Dodro en distintas actividades, non sei, se non as coñecen, pois ao mellor, debería haber participado.

O Clube ciclista padronés, xa pon aí, promoción da comarca Terras de Iria, da que forma parte o concello de Dodro, co concello de Padrón de Rois, temos comprometida esta cantidade porque o Clube ciclista padronés, tamén fai labores, como fixo na CPI de responsabilidade do ciclismo, este ano, non fixo ningunha actividade puntual no noso Concello e efectivamente, a súa decisión é pasar polas estradas do Concello e poñer unha meta volante no concello de Dodro, ou non poñela, o mismo que pon no concello de Rois e a meta final no Concello de Padrón. Efectivamente, todo é de dudosa, decisión, pero en todo caso, a nós parécenos, ou parecíanos que estando limitados polo orzamento que temos no ano 24, e sen modificar demasiado este orzamento que está prorrogado do 2023, entonces témonos que limitar a esta cantidade, e traíamos esto, pero en todo caso, queda a disposición dos membros do Concello, si non se aproba esto, pois non haberá nin Plan Estratéxico de Subvencións nin nada."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero non di que non se comprometía ?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si pero bueno, se non se aproba, teremos que traer outro. Bueno, pois nada."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
0 BNG

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
2 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

11. RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DE FERRO: OS CASTRO DOS PRAESTAMÁRICOS".

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2021/A006/000016
ASUNTO: RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS"
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Logo de ver a proposta efectuada pola Concellería de ordenación do territorio, obras, servizos, cultura e deporte, que literalmente di:

"En sesión plenaria realizada o 09 de decembro de 2021 acordouse, entre outros "Adherirse ao CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS" ; nomear representantes no Consello de Dirección do Concello de Dodro a Don Xabier Castro Tourís (ou quen ocupe a Alcaldía) e Don Xoán Xosé Vicente Franco (ou concelleiro/a delegado/a da área)".

Con data 30 de maio de 2024 e núm. de Rexistro de Entrada 2024900000044614, a Deputación provincial da Coruña remite ao Concello de Dodro escrito para a renovación do convenio do proxecto "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS", achegando borrador do "Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, para regular o proxecto "Parque arqueolóxico da idade do ferro: Os Castros dos praestamáricos"".

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Advertido un erro no texto do citado convenio, remítese por parte da Deputación a versión final do texto do "Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, para regular o proxecto "Parque arqueolóxico da idade do ferro: Os Castros dos praestamáricos" que se achega a esta proposta.

Considerando que esta renovación do convenio recolle a incorporación do Concello de Dodro pretendendo coa súa formalización o desenvolvemento dunha comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados, participada pola Deputación máis os concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

Vista a documentación que consta no expediente, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción, dos seguintes ACORDOS:

***PRIMEIRO**.- Aprobar o texto do CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS", que se achega como Anexo.*

***SEGUNDO**.- Nomear representantes no Consello de Dirección do Concello de Dodro a Don Francisco Xabier Castro Tourís (ou quen ocupe a Alcaldía) e Don Ramón Abuín Gómez (ou concelleiro/a delegado/a da área).*

***TERCEIRO.**- Remitir copia do presente acordo á Deputación provincial da Coruña.*

***CUARTO.**- Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita cooperación.*

Documento asinado dixitalmente
O concelleiro de ordenación do territorio, obras, servizos, cultura e deporte,
Ramón Abuín Gómez

ANEXO

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS"

Na cidade da Coruña, a ... de ... de

REUNIDOS

D. ..., deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamentos da

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Deputación Provincial da Coruña,
D. …., alcalde-presidente do concello de Boiro
D….., alcalde-presidente do concello de Dodro
D….., alcalde-presidente do concello de Pobra do Caramiñal
D…., alcalde-presidente do concello de Rianxo
D…., alcalde-presidente do concello de Ribeira
D…., alcalde-presidente do concello de Porto do Son

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica , nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para regular o ***proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos****, de acordo coas seguintes BASES:*

Primeira.- Definición.

1. Os concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto ***Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos****, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.*

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3.A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente nos respectivos termos municipais, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sostibilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de aguas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.
2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. A duración deste convenio circunscríbese ao sinalado polo convenio marco aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión que tivo lugar na data de 27.04.2012, no que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial e diversos Concellos para regular a comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados, e neste sentido se establecía que estes criterios xerais terán do convenio marco terán vixencia indefinida.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei 30/2015, do réxime xurídico do sector público, as entidades asinantes deberán comprometerse cada catro (4) anos a manter a súa participación e a súa vinculación as bases do presente convenios, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- *Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.*
- *Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.*
- *Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluirá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.*
- *Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.*
- *Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña. Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.*

2. De igual xeito, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- *Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.*
- *Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.*
- *Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.*

3. Finalmente, no caso de que se teña proposto a xestión das actuacións que vai

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

> *a) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.*
> *b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.*
> *c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.

e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
g) Acordar a resolución do presente convenio.
h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses sempre que existan asuntos a tratar, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións da presidencia.

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.
b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumprido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Décimo sétima.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que proporá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.

1.Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

****

Emitido informe de secretaría-intervención que consta no expediente e considerando que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, PROPONSE ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta, dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA PARA REGULAR O PROXECTO “PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS”.

SEGUNDO.- Nomear representantes no Consello de Dirección do Concello de Dodro a Don Xabier Castro Tourís (ou quen ocupe a Alcaldía) e Don Xoán Xosé Vicente Franco (ou concelleiro/a delegado/a da área).

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

TERCEIRO.- Remitir copia do presente acordo á Deputación da Coruña ao Servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego, sección de Promoción e desenvolvemento turístico.

CUARTO.- Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita cooperación.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Logo da proposta efectuada po esta Concellería de Ordenación do Territorio, Obras, Servizos, Cultura e Patrimonio, tendo en conta que en sesión plenaria do 09 de decembro de 2021 se acordou, entre outros, adherirse ao Convenio polo que se establecen as bases se cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e os concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira para regular o proxecto "Parque arqueolóxico da Idade de Ferro: Os castros praestamáricos", e tralo escrito remitido pola Deputación Provincial da Coruña para a renovación do Convenio. Considerando que esta renovación do Convenio recolle a incorporación do concello de Dodro, proponse ao Pleno aprobar o texto do Convenio pola que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto sdo Son, Rianxo e Ribeira para regular o proxecto "Parque arqueolóxico da Idade de Ferro: Os castros dos Praestamáricos" e nomear como representantes no Consello de Dirección do Concello de Dodro ao alcalde e ao concelleiro delegado da área."*

Explica o voceiro que existe un erro na proposta xa que se nomea a como concelleiro a Xoán Xosé Vicente Franco, debendo constar alcalde ou alcaldesa e concelleiro ou concelleira da área nese momento.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Un par de cousas, creo no último documento, creo que aparece o señor Abuín."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que eu sepa solo hai este."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Xa pero hai un anterior que estaba, non sei cal é."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Na proposta que*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

temos non, non sei cal é o criterio que segue. Bueno é un copia e pega."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, en todo caso, renovación do convenio, bueno pois esto xa nos di bastante, renovación do convenio, o que nos falta por saber é o que se fixo durante o primeiro convenio, que cremos que foi nada."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non o fixo ninguén."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non fixo ninguén, pois vamos renovar aquí algo para saír no Facebook e para saír na prensa e ao final se quen se vai a levar os cartos será Ribeira, será Rianxo, Puebla ou será Boiro, e nós poñemos os medios, Bueno, pois mire, firmar un convenio no que non se di absolutamente nada de Dodro, nin absolutamente da financiación, nin se di absolutamente dos obxectivos, ponse aí Parque arqueolóxico da Idade de Ferro: Os castros dos Praestamáricos, buenos pois non sabemos a que ben esto nin para que, temos dous castros aquí no noso Concello, en ningunha parte fai mención a estes castros, non xa no convenio, se non nunha memorias que podía ser pola Alcaldía que xustificara a firma deste convenio. Catro anos, creo que foron deste convenio, agora renóvase e esta convenio está igual de vacío que estaba o anterior, non aporta absolutamente nada, supoño que ao mellor será para facer número, montón e ao final será o concello de Ribeira o de Boiro o da Pobra ou o de Rianxo, os que se leven algo, si é que ao final hai algo que bueno, decir que en catro anos que non haxa nada, pois xa ten tela, pero bueno, a verdade é que esto parece unha cousa desas quie se chaman inútiles."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós tiñamos aquí, un pouco,que se nos podía explicar o alcalde o que se había feito no anterior convenio e o que se prevía facer, o que si pensamos é que si realmente no se firma o convenio, pois tampouco se pode facer nada, con lo cual, pois... E queríamos unha aclaración, se podía dicirnos quen será os representantes técnicos e científicos do Concello, porque, un pouco por saber quen se vai facer cargo desto e saber quen van ser os técnicos que se van a ocupar deste tema, se temos algún, se se pensa contratar?."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois en principio, o que temos que facer é asinar o convenio e despois a Deputación, xa verá que técnicos destina ao Concello, xa sabe vostede que ten poucos, outra cousa é que e intentaremos que a Deputación destine aos seus técnicos porque creos que hai máis concellos na mesma situación ca nós, que teñen arqueólogo, entonces, en principio é o dato que teño."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"E das cousas que*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

se fixeron ou se pretenden facer ca firma des convenio, pode adiantarnos algo?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois poñer en valor os castros que están no concello de Dodro, de feito, intentamos entrar neste convenio para que a Deputación, que é a que realmente ten medios e ten interese, inclúa ao concello de Dodro, en toda a área do Barbanza, que non estaba e que todos os castros, o castro de Bexo o castro de de Traxeito e os restos que temos por aí, pois que se restauren e se inclúan nun Plan, que tampouco sabemos se a Deputación, agora mesmo, vai a dotar, ata donde vai a chegar o asunto do capital, eu penso que é mellor estar en esto , como se considerou no primeiro momento, que non estar, xa digo, na primeira época asistimos a varias reunións e se intentou facer algo, non foi posible, no só polo concello de Dodro, non foi posible pola Deputación e máis por outros concellos, estes convenios que inclúes a tanta xente é o que teñen e esto realmente, se establece nas bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, quero decir, son moitos para que, para ver a onde chegamos con esta colaboración, a verdade é que agora eu tampouco podo comprometerme a nada, cando non está a Deputación, nen están os outros concellos. Intención é esa, que o concello de Dodro está incluído neste convenio. Hasta donde vamos a chegar?, pois xa nos gustaría chegar o máis lonxe posible. Portavoz da Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Simplemente unha aclaración, o convenio é para incluír a Dodro, que no anterior convenio non estaba incluído Dodro como tal, e non se está facendo nada porque falta aínda un Plan Director que o teñen que elaborar os asesores dos distintos concellos . E bueno tamén lembrar que esta foi unha das primeiras accións que se fixo que foi en 2020, que eu n¡como concelleiro da Unidade Veciñal de Dodro, despois de reunirnos co vicepresidente da Deputación da Coruña e máis en Rianxo, con Adolfo Muíños, que era daquela, presidente da mancomunidade Arousa Norte, onde conseguimos que se integrara a Dodro no proxecto do Parque arqueolóxico e foi co castro de Bexo, única e exclusivamente, cada concello aporta un xacemento, o Concello de Dodro, aportou o castro de Bexo, a necesidade de limpeza do castro de Bexo, non son todos os castros, cada concello aporta un xacemento arqueolóxico. Alégranos que o actual goberno sega con este proxecto e alentamos a que siga. Pero queremos facer un par ade consideracións.*

Teñen que nomear vostedes a unha persoa experta en arqueoloxía, alguén que poida ter unha opinión valorada á hora de tomar decisións sobre o parque arqueolóxico, xa no propio convenio di que ten que ser os concellos terán asesores que terán voz pero non voto, non desconfío da sabedoría tanto do alcalde coma do concelleiro de cultura, de temas de cultura castrexa, pero creo que sería mellor ter un experto de man e non ten que ser un técnico do concello, non ten que ser un funcionario, nin ten que ser un arqueólogo municipal, poden nomear vostedes a calquera arqueólogo como asesor, ao que vostedes lle pagarán segundo o servizo que faga, evidentemente teñen vostedes que o

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

nomear."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero non aquí, non neste acto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non, no, agora mesmo non, pero bueno, nun futuro"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por eso, xa lle digo que vamos a nomear ao mellor arqueólogo que poidamos pagarlle, porque xa lle digo que nin a min nin o meu coñecemento de arqueoloxía nin o do concelleiro de cultura, serán suficientes."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Outra cousa. Teñen que facer vostedes un convenio ca comunidade de montes Cruz de Avelán que é a propietaria dos castro de Bexo que no momento que teñan que facer inversións a través de diferentes subvencións que van a vir da Deputación nun futuro, será, según convenio, non se vai a poder xustificar a subvención, non se vai poder inverter diñeiro público nun ben que non é propiedade do concello, e fágano xa, porque, antes de veñan as subvencións publicadas e xa hai modelos de convenios que xa están asinados entre comunidades de montes e concellos , porque os bens arqueolóxicos que está dentro deste parque arqueolóxico a maioría son das comunidades de montes ou están en terreos privados, moi poucos teñen os terreos adquiridos, e simplemente esa recomendación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias polas recomendacións. De todas maneiras, non fixemos nada porque non vaia a ser que traiamos aquí esto e que e non o aproben, entonces pensamos en ser prudentes e traelo aquí e aceptamos esto e calquera outra axuda e non podería ser de outra maneira."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

12. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2024/2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: 2024/A006/000011 (relacionado co expediente 2024/A008/000029)
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2024/2025
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Considerando que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou a Orde do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: *"a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)".* E continúa establecendo que *"Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos:*
• Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua.
• Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si.
• Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela."

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Logo de ver o informe de secretaría-intervención de data 05/07/2024 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía do 05/07/2024 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de Programas Integrados de Emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, así como que non se prevé ningún tipo de aportación municipal.

En atención ao previsto no dito artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do *Programa integrado de emprego do Concello de Dodro 2024-2025*, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Aceptar expresamente o nomeamento de don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, como representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que correspondan á agrupación de concellos como beneficiaria da subvención, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

TERCEIRO.- Aprobar o proxecto presentado polos concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro para a realización do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025, recollido na memoria explicativa no anexo II das bases da convocatoria da subvención.

CUARTO.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A) (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024) para a execución do *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2024-2025,* cun orzamento de 220.000€, solicitando unha axuda de 220.000€ para a realización de programas integrados para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, coas seguintes características:

- Duración do programa: 12 meses
- Ámbito de actuación: os concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- Nº de persoas que se van atender: 100 persoas traballadoras desempregadas.
- Colectivos que se van a atender:

COLECTIVO	NÚMERO	PORCENTAXE
Persoas desempregadas con discapacidade	4	4,00%
Menores de 30 anos desempregados con baixa cualificación	12	12,00%
Menores de 30 anos desempregados cualificados	10	10,00%
Persoas desempregadas maiores de 45 anos	20	20,00%
Persoas perceptores de prestacións, subsidios desemprego ou renda activa de inserción (RAI)	22	22,00%
Mulleres desempregadas	24	24,00%
Persoas desempregadas de longa duración	8	8,00%
TOTAL	**100**	**100%**

- Orzamento: 220.000,00 €
- Subvención solicitada: 220.000,00 €
- Cofinanciamento dos Concellos: 0,00 €
- Obxectivo de inserción laboral: 37%

QUINTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 28 de maio de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024)

SEXTO.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira e Pontecesures.

Dodro, asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN,

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (DOG NÚM. 122, DE 11 DE XUÑO DE 2024) DO 28 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR332A)

REUNIDOS:

Os alcaldes:

Dunha parte: Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Anxo Rei Arca, con DNI 78799831Z, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don José María Bello Maneiro, con DNI ***122*** alcalde do Concello de Valga (CIF P3605600J), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Xoan Xosé Castaño Conde, con DNI ***367***, alcalde do Concello de Catoira (CIF P3601000G), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Dona María Teresa Tocino Barreiro, con DNI ***701***, alcaldesa do Concello de Pontecesures (CIF P3604400F), quen actúa en nome desa entidade.

Todos actúan en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALG).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025* ao abeiro da Orde da

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024) do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A) e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- As entidades municipais, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños, segundo os termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, son competentes. Os municipios deberán exercer estas competencias sempre dentro do marco establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A Constitución, no seu artigo 103, establece o mandato á Administración para que actúe, entre outros, de acordo cos principios de eficacia e coordinación, o cal implica o deber de realizar unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles. Tendo en conta que a prestación dos servizos públicos e o fomento e promoción das actividades que ofrecen os concellos esixe un elevado custo, tanto de instalación ou adquisición como de funcionamento e xestión e, en consecuencia, a implantación ou o mantemento dos servizos pode resultar, en ocasións, excesivamente onerosa ou antieconómica para a entidade, débense arbitrar medios que permitan rebaixar custes mantendo a calidade dos servizos, en cumprimento do mandato legal e constitucional.

Terceiro.- Entre os medios que se poden establecer para poder prestar á veciñanza actividades ou servizos en ámbitos diversos de desenvolvemento persoal ou comunitario, destaca a cooperación entre administracións, para potenciar a xestión compartida de recursos, o que se considera, ademais, desexable na boa práctica administrativa.

A colaboración interadministrativa ten a finalidade de poñer en común recursos para as Administracións seren quen de ofrecer, de maneira conxunta, servizos e actividades que en solitario sería moi difícil ou imposible, por custoso ou inoperante, proporcionar. Pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle servizos á cidadanía, de maior calidade, e en condicións de igualdade.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Cuarto.- Tanto a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local como a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e a lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.

Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervenientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

Quinto.-O actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo, cada vez máis competitivo. A colaboración entre estes concellos tense plasmado anteriormente noutros instrumentos análogos.

Sexto.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou a Orde do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 28 de maio de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: *"a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)"*. E continúa establecendo que *"Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos: • Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua. • Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si. • Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela.“

Sétimo.- Todos os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar o proxecto descrito na Orde. Porén, resultaría moi gravoso para cada un dos concellos asinantes, o realizar, por si sos e de xeito independente, as actuacións en que consiste o programa, incluíndo todo o procedemento dende o inicio da solicitude, á xestión propia del, e ata a súa finalización e xustificación. Terían que financiarse tantas actuacións como municipios, o cal resultaría antieconómico e pouco eficiente, cando se pretende acadar a mesma fin. Resulta, en fin, máis conveniente e eficiente empregar un servizo común.

Así, en aras dunha maior eficacia administrativa, e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia anteditos que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver unha actuación conxunta para a posta en práctica da actuación consistente no *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2024-2025*, ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A) e presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento.

Oitavo.- Os concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración, que reúna o contido expresado no artigo 49 na lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e inclúa mención expresa á realización conxunta do proxecto, con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, de acordo co esixido no artigo 8.3 in fine da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Noveno.- Cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos nas bases reguladoras da subvención. Ademais, non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o anterior, e co obxecto do desenvolvemento conxunto e compartido do *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025,* de conformidade co expresado, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

Os concellos asinantes acordan crear unha agrupación para a xestión compartida e realización conxunta do proxecto *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025* coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde desa Consellería do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento TR332A) establecendo, ademais, o réxime de organización e funcionamento asociado do servizo.

Segunda.- Obxectivos.

A prestación asociada do *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025* baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal mellorar a empregabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego dos concellos implicados, mediante a posta en marcha dun plan integral que combine accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e en idiomas, técnicas de *coaching*, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, habilidades sociais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes, formación para o emprego, prácticas profesionais non laborais en empresas, obradoiros sobre mobilidade xeográfica no eido laboral, etc.

Terceira.- Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial do servizo será a totalidade dos termos municipais de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro. Este ámbito poderase sobrepasar naqueles casos en que, pola natureza das accións formativas e doutro tipo que se realizan no seo do programa para a mellora do nivel da empregabilidade das persoas participantes, sexa necesario empregar espazos diferentes ou especializados.

Cuarta.- Sede do servizo. Organización do servizo.

A sede do proxecto situarase no Concello de Dodro.

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procurarase que as actuacións derivadas da execución do proxecto se desenvolvan de maneira equitativa nos concellos participantes, segundo requira o funcionamento do propio programa e as circunstancias das actividades, participantes, persoal, instalacións ou actuacións.

Quinta.- Representación do servizo.

Os concellos colaboradores designan expresamente como representante legal a don Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, para os efectos oportunos e accións necesarias en relación con este convenio e o desenvolvemento do programa, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.
Con este obxecto, os outros municipios participantes efectuarán a favor do representante o pertinente acordo de delegación.

Sexta.- Xestión administrativa do servizo.

Desígnase ao Concello de Dodro como xestor do proxecto.

A xestión administrativa será levada a cabo dende o Concello de Dodro en todo o relacionado con:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante os organismos correspondentes da Xunta de Galicia
- Tramitación dos expedientes de contratación do persoal do Programa
- Tramitación dos expedientes de contratación administrativa relativos ao Programa
- Resto de trámites de xestión ordinaria que sexan necesarios para o desenvolvemento do Programa

Esta designación non supón cesión da titularidade da competencia de cada concello nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte, ou nos que se integre, a actividade material obxecto da xestión compartida.

Sétima. Compromisos asumidos polo Concello de DODRO como representante.

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Dodro asumirá os compromisos seguintes:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento TR332A).
- Realizar todos os trámites de xestión administrativa precisos para a actuación compartida de conformidade co disposto na cláusula sexta, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), como os relativos aos expedientes de contratación e seguimento da execución do proxecto.
- Respectar o destino dos fondos subvencionados.
- Informar aos concellos sobre a marcha da xestión cando lle sexa solicitado
- Facilitar a documentación que forma parte do expediente administrativo que se estea a tramitar ao abeiro deste convenio.
- Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. Compromisos asumidos polos Concellos de PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA E PONTECESURES.

Coa sinatura do presente Convenio os Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira e Pontecesures asumirán os compromisos seguintes:

- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 28 de maio de 2024 (DOG núm. 112, de 28 de maio de 2024), da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A).
- Facilitar toda a documentación que sexa esixida na Orde de 28 de maio de 2024 antedita, e toda ademais que sexa necesaria para a tramitación dos expedientes de solicitude e de xustificación de subvención.
- Respectar o destino dos fondos subvencionados.
- Prestar a colaboración necesaria e a que sexa solicitada polo Concello xestor do servizo, para o bo desenvolvemento deste. Para estes efectos

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

poderase designar unha persoa en cada un dos Concellos que poida servir de enlace co persoal do Programa para manter unha comunicación fluída entre todos os membros da agrupación.

- Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Orzamento do proxecto. Financiamento do servizo.

O proxecto *Programa integrado de emprego de Concello de Dodro 2024/2025* será financiado ao 100% pola subvención regulada na Orde do 28 de maio de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 112, de 11 de xuño de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (Código de procedemento TR332A).

O orzamento para a execución do proxecto (importe da subvención solicitada) ascende á cantidade total de 220.000 € (impostos incluídos).

Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos da agrupación en porcentaxes iguais e deberanse ingresar na Tesourería do Concello de Dodro , antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto nas Bases reguladoras é o día 15 de decembro de 2025.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.

Os concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o *Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2025,* sen prexuízo da posibilidade de recorrer a alugueiros ou realizar subcontratación daqueles medios ou útiles de traballo específicos ou particulares, que sexan necesarios para unha actividade formativa, así como aqueles dos que pola súa particularidade ou características non sexa habitual nin de costume a súa posesión por unha administración pública.

Este convenio incorpora como **anexo I** unha listaxe de medios patrimoniais consistentes en espazos de titularidade municipal de cada un dos concellos da agrupación que poderán ser empregados polo programa para a realización das accións propias. O Programa adquire, así, o dereito de uso dos espazos e instalacións expresados sempre en condicións análogas ás de calquera

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

departamento ou área do Concello no que se sitúen. Esta listaxe non ten carácter exhaustivo e enténdese sen prexuízo da posibilidade de utilizar outras instalacións ou dependencias, a discreción do Concello titular delas.

Décimo primeira.- Vixencia.

O presente convenio terá vixencia ata finais do ano 2025 ou en todo caso ata a terminación do Programa Integrado do Concello de Dodro 2024-2025, unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Décimo segunda.- Extinción.

Serán causas de extinción deste convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. O cumprimento do termo legal da súa vixencia de conformidade co disposto na cláusula décimo primeira.
3. A inviabilidade da realización das actuacións descritas nel por causas non imputables ás partes.
4. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio
5. A denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.
6. O mutuo acordo entre as partes. Calquera das partes que queira terminar así a colaboración poderá comunicalo por escrito ao resto das partes cunha antelación de polo menos dous meses á data na que o dea por rematado.
7. A extinción ou non concesión da axuda para manter o Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024-2025

Décimo terceira.- Natureza administrativa.

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

contratación administrativa.

Décimo cuarta.- Interpretación.

No non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións, e ao resto da normativa aplicable segundo o disposto na cláusula anterior.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello. Porase en coñecemento desta comisión calquera conflito ou dúbida que se presente no desenvolvemento do convenio. No caso de que a comisión non chegase a acordo sobre as discrepancias, sustanciaranse na orde xurisdicional competente.

Décimo quinta.- Xurisdición competente.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa, sen prexuízo do compromiso expresamente aquí asumido polas partes para resolvelas preferentemente sempre de xeito amigable

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, na data da súa sinatura dixital

O alcalde de Padrón, Anxo Rei Arca

O alcalde de Valga, José María Bello Maneiro

O alcalde de Rois, Ramón Tojo Lens

O alcalde de Catoira, Xoan Xosé Castaño Conde

A alcaldesa de Pontecesures, María Teresa Tocino Barreiro

O alcalde de Dodro, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ANEXO I

MEDIOS PATRIMONIAIS CONSISTENTES EN ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE CADA UN DOS CONCELLOS DA AGRUPACIÓN, QUE PODERÁN SER EMPREGADOS POLO CONCELLO DE DODRO PARA A EXECUCIÓNS DE ACCIÓNS PROPIAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

CONCELLO	LUGAR	ESPAZO	ENDEREZO
Padrón	Centro Social de Padrón	Aula de formación	Campo do Souto, s/n 15900 Padrón
Padrón	Centro Social de Padrón	Aula informática	Campo do Souto, s/n 15900 Padrón
Padrón	CEMIT de Padrón	Aula de formación	R/Mollet del Vallés, s/n 15900 Padrón
Padrón	CEMIT de Padrón	Aula informática	R/Mollet del Vallés, s/n 15900 Padrón
Valga	CODI de Valga	Aula de formación	R/Baño, s/n 36645 Valga
Valga	CODI de Valga	Aula taller	R/Baño, s/n 36645 Valga
Valga	CODI de Valga	Aula informática	R/Baño, s/n 36645 Valga
Valga	Centro sociocultural de Valga	Aula informática	Paredes, s/n 36645 Valga
Rois	Edificio Multiusos de Rois	Aula de formación	Os Dices, s/n 15911 Rois
Rois	Edificio Multiusos de Rois	Aula informática	Os Dices, s/n 15911 Rois
Catoira	Edificio Multiusos de Catoira	Aula informática	Rúa do Concello, 1- 36612 Catoira
Catoira	Edificio Multiusos de Catoira	Aula de formación	Rúa do Concello, 1 - 36612 Catoira
Catoira	CEMIT de Catoira	Aula de formación	Rúa do Concello, 14 – 36612 Catoira

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pontecesures	Casa do Concello de Pontecesures	Aula de formación	Avda. Vigo, 2 36640 Pontecesures
Pontecesures	Casa da Cultura de Pontecesures	Aula de formación	R/Raimundo García Borobó, 22 36640 Pontecesures
Dodro	Casa da Cultura de Dodro	Aula de formación	Tallós, 28 15981 Dodro
Dodro	Casa da Cultura de Dodro	Aula de informática	Tallós, 28 15981 Dodro
Dodro	Escola Avelino Abuín de Tembra	Aula de formación	Imo, s/n 15981 Dodro

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Logo da publicación do 28 de 20247 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establecendo as bases para a concesión de subvencións para a posta en práctica dos programas integrados de emprego de Galicia, trátase de aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira , Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do PIE 2024-2025 e así dar continuidade aos Programas Integrados que se veñen desenvolvendo durante os últimos anos neste Concello. A duración do Programa será de 12 meses, o ámbito de aplicación, o dos concellos partícipes, dirixido a 100 persoas traballadoras desempregadas, para o que se solicita unha subvención de 220.000 euros equivalente ao 100% do seu orzamento, sen achega municipal, cun obxectivo de inserción laboral se 37%. Ademais, será o alcalde de Dodro o seu representante, que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

Por iso, proponse a súa aprobación, so que o Grupo Municipal Socialista votará a favor da aprobación deste convenio de colaboración."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno pois elaborarán vostedes o Plan de formación, a verdade é que creemos que sinceramente, que esto non é, que a formación que se lle podía dar ás persoas, que tampouco, hai un montón de cursos, si, pero ao final moito de todo e pouco de nada. Cursos de 30 horas, de 25, de 40, bueno, se vostedes pensan que as empresas van contratar a un oficial por un curso de 40 horas..., poderá contratar porque ao mellor lle fai falta persoal, pero desde logo que a formación, non vai a*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

responder ás necesidades das empresas da Comarca, son moitísimas horas e o que , os cursos ben plantexados si que podían redundar nunha boa formación adaptada realmente ás necesidades das empresas da Comarca e bueno, decir que afortunadamente, como hai bastante demanda de traballo nesta Comarca, bueno pois ao final, seguramente que si se conseguiran os niveis de integración, pero en ningún caso, esto se pode dicir que e é claramente unha transformación para os desempregados."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nós imos a apoiar todo o que sexa formación para xente desempregada, para axudarlles a buscar traballo, foi ademais un Plan que puxo a funcionar o Partido Popular cando estaba gobernando e imos a apoialo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro, perdón de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno, nós tamén imos a apoialo, creemos que hai que hai moitos cursos, evidentemente, moitas horas e máis os cursos cumpren os obxectivos de inserción laboral que o están cumprindo, polo que se ve, pois é positivo, como todos os anteriores, os anteriores funcionaron ben e estes imaxino que tamén van funcionar, polo tanto imos a apoialo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Di o portavoz de xente de Dodro que vostede ten un problema coa formación moi importante. Esta formación é unha formación específica para desempregados, é unha formación moi puntual, entendemos que esto, evidentemente, non é formación formación, tampouco é cousa precisamente do concello, nin tampouco é deste Programa Integrado de Emprego que limita bastante as actuacións do mismo Plan Integrado e parece mentira que vostede, a estas alturas, non coñeza esto e non sepa a diferenciar entre outro tipo de formación e esta. Pero bueno, xa non me extraña case nada. Imos a pasar é votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos ás mocións, en donde hai mocións ordinarias, a número trece é unha moción do Partido Socialista sobre o canon da auga."*

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista. Como todos a teñen no seu poder e é unha moción bastante extensa, vai resumila no posible."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Resumila un pouco.*

Sinalar que todos os veciños do noso concello que usen ou consuman auga, están obrigados a contribuír impositivamente con este canon establecido, polo tanto é un imposto distinto e compatible aos impostos, canons, creados na Lei 1/2022 de mellora da xestión integral do ciclo da auga. O dito canon ten dous compoñentes: un fixo, un importe mensual que deben pagar todas as vivendas indistintamente do volume de auga consumido e un variable, un sistema progresivo, cóbrase por treitos, que toma en consideración o volume consumido e o número de persoas que habitan na vivenda. Este imposto, creouse con independencia das accións concretas de depuración de augas residuais, para a recuperación de custos.

Segundo a Lei de augas de Galicia, a razón de ser do Canon é dobre, serve para recuperar os custos ambientais e para permitir a realización de principios como o

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

da solidariedade intraterritorial. Tal e como se recolle nos orzamentes da Xunta de Galicia, nos últimos anos ingresáronse 273.987.000 euros procedentes do canon da auga, que se debe repartir entre os concellos de Galicia para recuperar os custos ambientais, tal e como figura na Lei de Augas de Galicia,. Estes ingresos incrementáronse nuns 400.000.000, procedente principalmente de Fondos Europeos, ata acadar os 659.661.875 euros. Descoñecemos os criterios cos que se reparten eses fondos entre os concellos, nin as cantidades que se reinvisten, nin o criterio de reparto dos fondos europeos. Coñecemos que dos 152 convenios asinados por Augas de Galicia, para a realización de obras entre 2017 e 2022, a inmensa maioría, asignáronse aos concellos gobernados polo PP, con 111, 32 concellos polo PSdeG-PSOE, 1 polo BNG e 8 de outras opcións políticas. Ante esta falta de transparencia e a aparente arbitrariedade, no reparto e no establecemento da porcentaxe de cofinanciamento, consideramos que augas de Galicia debe explicar cales son os criterios de reparto de fondos, olo que se propón a adopción dos seguinte acordos:

Instar á Presidencia do ente público Augas de Galicia a que explique con detalles os importes, o destino da recadación do canon en Dodro e o criterio da reparto dos fondos.
Que as cantidades recadadas no Concello sexan reinvestidas en infraestruturas no propio Concello.

Que se negocie cos concellos o establecemento dun sistema obxectivo de reparto dos fondos procedentes da Unión Europea e dos propios da Xunta de Galicia para as infraestruturas hidráulicas municipais."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, un turno a cada portavoz. Portavoz de Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Fala vostede que o reparto dos fondos da Deputación son criterios, responde a criterios obxectivos. Bueno, fai dous meses, creo que eran vostedes os que pedían a modificación deses criterios, xustamente, das Deputación, entonces, bueno. Que sean obxectivos si, pero xustos , pois paréceme que tamén , entonces que sean obxectivos xa non é tan bo, igual era mellor que foran un pouquiño máis subxectivos e que redundaran en beneficio dos concellos máis pequenos como é Dodro.*

Se non saben como se reparten, pois poderíanlle preguntar aos alcaldes dos concellos do PSOE que acadaran esas inversións, penso que non se está a portar tan mal a Xunta de Galicia co tema da Unión Europea despois da inversión que se fixo no CPI e que é unha das inversións máis importantes que se fixo, non so na provincia, se non en Galicia.

Habería que saber tamén, si o compromiso de concello de Dodro ata onde chega e habería que preguntar a eses concellos se cofinanciaron esas inversións ou non, porque ao mellor sería moi distinto que vostede aportara algo a inversión e

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ao mellor cun 20%, pois ao mellor consegue vostede unha inversión de 80% ou un 85%. Claro está, se vostede prefire facer esa desmobilidade, coma a que temos aí ahora toda a pista das brañas, que está tan ben indicada que os peregrinos teñen que vir polo acera, esa acera que ninguén quería, coma o señor Abuín, que non servía para nada, ahora os peregrinos veñen pola acera, non van pola Senda de mobilidade, veñen pola acera. Eso é ao que vostede adica os fondos dos que dispón o concello de Dodro, entonces, claro, o que se terá que preguntar é ata onde está vostede disposto a chegar, para invertir realmente, tanto na rede de saneamento, coma na rede se subministro da auga, vostede cortou absolutamente, todo ese tipo de inversións que se lle estaba facendo, durante os oito anos sendo eu como alcalde e ahora o adica a outro tipo de inversións e non se explica porque a Xunta non o apoia. Bueno terá que vostede pensar un pouco máis como se facían aquelas inversións, como se comprometía o concello de Dodro, e como o concello de Dodro, acadou neses oito anos acadou o maior nivel de inversión para o noso concello. Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mire señor portavoz de Xente de Dodro, espere. Vostede non diga mentiras porque, sabe como lle chaman aos que din mentiras?, chámanlle mentireiro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Chámanlle controlador aéreo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Chámanlle mentireiro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Controlador aéreo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Xa empezamos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non me interrumpa, que estou no turno de palabra."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non podo chamar..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor non interrumpa ao presidente da corporación, teña certo respecto."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"O respecto..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Chámanlle, por favor señor Alfonsín, primeiro aviso, non interrumpa."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero vostede non pode dicir o que lle de a gana."*

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Alfonsín, segundo aviso, señor Alfonsín."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois mire, imos estar aquí ata as doce da noite."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire, iba a explicarllo, iba a explicarllo, vamos quedar aquí ata que se acabe a sesión."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Xa está. Diga o terceiro aviso que vamos a estar aquí ata as doce da noite."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Diga o terceiro aviso que nos quedamos aquí ata as doce da noite. Vaia vostede a buscar á Guardia Civil."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Chámolle o que iba a explicar agora, porque vostede está dicindo que este alcalde, ou este goberno, non inverteu en saneamento, máis que vostede en oito anos e voullo a demostrar, entonces cando vostede di así, é o que estou dicindo, non dixen que fose vostede, dixen que o que di mentiras é o que xa sabemos todos."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Un controlador aéreo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, terceiro aviso, por favor, abandone o Pleno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si bueno, vai a chamar a Garda Civil."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, señor Alfonsín, abandone o Pleno."*

Intervención inintelixible do sr. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois suspéndese o Pleno ata que veña a Garda Civil a levar a este señor. Síntoo polo resto"*

Sendo as 20:54 prodúcese a suspensión do Pleno abandonado o salón de sesións a secretaria que subscribe.

Ás 21:12 minutos retómase a sesión intervindo o sr. Alcalde que indica o seguinte:

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ás nove e doce reanúdase a sesión e ás nove e doce, levántase a sesión porque non hai forzas da orden que fagan retirar ao portavoz da agrupación política Xente de Dodro; síntoo moito e retomaremos o Pleno cando a lei nolo permita."*

Ás 21:12 horas por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: br1L4Rqe9PUIgTsIojyl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.